



“Somos unha compañía de intérpretes”

Tito Asorey, director de Il Maquinario, aposta por tempos máis longos de produción e xira e non estreir unha montaxe cada ano.

Camilo Franco *Texto*

“**H**ai moitas máis posibilidades de encontrar traballo do seu para un titulado da ESAD que para un de Historia”. Dío Tito Asorey, actor e director ou director e actor, que pasou por Sarabela, Ur, o CDG e o Compañía Nacional de Teatro Clásico e que agora dirixe Il Maquinario, unha compañía para facer “teatro de texto de agora, contemporáneo”, un territorio artístico que para os integrantes da compañía era un espazo natural e no que, ademais, “tiña un oco en Galicia”.

O sentido de humor de *Perplexo* e esa argumentación sobre a variación da historia segundo é contada, chamou a atención dos programadores e dos espectadores galegos desde o ano pasado. A segunda montaxe de Il Maquinario obtivo cinco premios María Casares nesta última edición, entre eles Mellor Espectáculo e Mellor Dirección. A novidade da compañía é que en 2015 non ten nova montaxe. A novidade porque o habitual en Galicia

é que os grupos vaian a produción por ano seguindo, en certo sentido, o ritmo que marcan as axudas á produción. “Nós —apunta o director— queriamos buscar outro ritmo de traballo por dous motivos: porque é necesario aproveitar moito máis o esforzo que significa producir unha obra e porque artisticamente queremos que os tempos de producir sexan máis longos, que teñamos máis tempo para decidir que facer e que teñamos máis tempo para decidir como facelo”.

É unha rareza por comparación cos sistemas de produción que se empregan en Galicia. Tito Asorey admite ese carácter inusual e aínda bromea sobre que a compañía era “rara” desde a súa fundación: “Na ESAD, os alumnos inclinábanse máis polo posdramático e nós queriamos facer teatro de texto, así que aí tamén resultamos algo raros, só un pouco”. Para o seu director, Il Maquinario non é unha compañía distinta das que se poden encontrar en Galicia. Se tivese


que definila, Asorey decántase por ser “unha compañía de actores, unha compañía onde se coida especialmente o traballo actoral e os intérpretes”. Afonda neste sentido: “isto vén dunha tradición, non somos os primeiros en Galicia”. E afonda no sentido do verbo coidar aplicado aos intérpretes, “o primeiro é saber que o actor ou actriz é o primeiro recurso, o principal do teatro”. O segundo sería, segundo o actor e director, “ampliar o máis posible o tempo destinado aos ensaios”, e para o terceiro sería un traballo que incidiría “no texto, na maneira de dicilo, no ritmo e tamén sendo preciso e rigoroso con cada diálogo, con cada resposta”. “Hai que ser coidadoso e estudar ben cada detalle co xeito de dicir de maneira que o espectador poida engancharse ao traballo dos actores”. Tito Asorey resume esa liña de traballo, “quen conta a historia son os actores”. Matiza que pode ter “máis parafernalia como en *Perplexo* ou pode ser

► 1 octobre 2015

máis sinxela como en *O home almo-fada*, pero o centro sempre é a interpretación”.

O plan de vida de Il Maquinario, a súa intención de ter tempos de produción máis longos e máis funcións por cada montaxe, ofrece algúns problemas porque o número de funcións en Galicia ten un teito que, segundo as compañías, tira a ser moi baixo. A intención da compañía é saír do país. Pero este non é un plan novo nin fácil. “Primeiro que Galicia está lonxe e isto encarece moito os custos e, segundo, que hai visibilidade nula do teatro galego fóra, de maneira que de Galicia coñécese Chévere, Matarile e agora tamén Voadora. E punto”. Tito Asorey asegura que é complicado o panorama da “exportación” e pasa por “escoller obras que tamén teñan atractivo nas carteleiras non galegas, presentarse a moitas feiras e asumir os sacrificios de ter que viaxar lonxe”. Neste caso está a compañía con *Perplexo*, que é unha montaxe que “non se estreara en castelán e para a que conseguimos unha axuda do Goethe Institut”.

Con toda as dificultades, Tito Asorey considera que hai cousas que se están movendo no teatro galego. “Nos chegamos ata aquí grazas a que alguén contribuíu a configurar un sistema determinado, creo que agora está na nosa man darlle unha volta e seguir avanzando”. Segundo o director, “o teatro galego madurou e está madurando en moitos sentidos, ten variedade pero desde o punto de vista profesional quizais a produción, ocuparse das tarefas de produción é o que falta por profesionalizar”.



Asegura que sería “estupendo que houbera unha produción profesionalizada porque é un traballo que asumen compoñentes dos elencos pero non gusta porque os actores queren actuar e o director quere dirixir; unha produción profesional deixaría tempo para avanzar no artístico”. Tamén porque unha figura deste tipo implicaría “poder facer xestión de públicos, máis comunicación, alguén que teña a cabeza niso”.

A outra solución que encontra Asorey é o das compañías residentes.

“Estou algo pesado con isto ultimamente, pero encontro que o feito de que un teatro sexa a casa dunha compañía, o seu lugar de traballo, é unha vantaxe para a compañía en canto á estabilidade e tamén é vantaxoso para o teatro en termos de vida, porque un teatro non pode abrir só de oito a once determinados días por semana”. “Non digo que non teña problemas –admite o director– pero creo que é unha opción con moitas posibilidades porque converte un teatro nun espazo cultural para unha poboación”.